

Día das letras galegas

Actividade: conmemoración das letras galegas.

Destinatarios: todo o centro.

Data: 16 de maio do 2024.

Descrición da actividade: ACTIVIDADE: Acto conmemorativo.

Nun primeiro momento reunímonos no pavillón: alumnado, profesorado, persoal do centro e familias. O acto consistiu nunha presentación das Letras Galegas (significado, historia...) por parte do alumnado de 3º e 4º de primaria, seguido da presentación da figura homenaxeada deste ano, Luisa Villalta, por parte do alumnado de 5º e 6º de primaria. Tras isto, os mestres Txelu e Fani interpretaron a peza de Negra Sombra ao contrabaixo e saxofón, respectivamente. Seguido disto todo o alumnado achegouse ao micrófono para dicir a palabra que escolleu do galego e posteriormente colocala na nota musical correspondente.

Para finalizar o alumnado de 2º e 3º - 4º agasallounos coa peza de "A saia da Carolina".

Unha vez rematado o acto saímos ao patio a gozar da comida tradicional (empanadas, tortilla, bica...) achegada polas familias e polo centro. Tamén bailamos e sacámonos fotos no photocall.

FOTO/OS:

